| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|--|----|
| CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais. | Emprega a linguaxe oral con iniciativa nas situación de intercambio comunicativo (asambleas, círculo diabólicos, dinámicas de grupo...) amasando un discurso organizado e coherente. | TI |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|--|--|----|
| CA3.6 - Expresar oralmente mensaxes facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) e indagando nas posibilidades comunicativas que ofrece a combinación delas. | É quen de expresarse oralmente, empregando oración un discurso sinxelo, a partir de creacións feitas noutras linguaxes. | |
| CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa. | Participa con interese en actividades onde se emprega a lingua escrita para transmitir mensaxes e información de xeito autónomo. | |
| CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo | Participa en actividades onde se emprega a lingua escrita para transmitir mensajes e información de xeito autónomo. | |
| CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas. | É capaz de expresarse de xeito escrito, empregando signos, palabras e oracións a partir de creacións feitas noutras linguaxes. | |
| CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos. | É quen de identificar, diferenciar e clasificar palabras segundo as súas características. | |
| CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo. | Amosa iniciativa por expresar a súa opinión sobre unha manifestación artística nunha situación de intercambio comunicativo. | |
| CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática. | Fai achegas sobre as interpretacións dos demais, expresando a súa valoración de xeito empático e respectuoso. | |
| CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais. | Amosa iniciativa por facer aportacións nas situacións virtuais de intercambio comunicativo. | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias. - Creación de textos ou enunciados orais formais e informais. - escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida. - Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica. - Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases. - intención comunicativa e achegamento ás principais características textuais e paratextuais. Primeiras hipóteses para a interpretación e a comprensión. - Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa. - Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas. - Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números |

Contidos

- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Iniciación a estratexias de procura de información, reelaboración e comunicación.
- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.
- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-------------------|----------|
| 4 | DETECTIVES VERDES | 80 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|----|
| CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso. | Reconoce, comprende e emprega algunha palabra en ambas linguas oficiais. | TI |
| CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais. | Emprega a linguaxe oral con iniciativa nas situación de intercambio comunicativo (asambleas, círculos diabólicos, dinámicas de grupo...) amasando un discurso organizado e coherente. | |
| CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa. | Emprega a linguaxe oral con iniciativa nas situación de intercambio comunicativo (asambleas, círculos diabólicos, dinámicas de grupo...) amasando un discurso organizado e coherente. | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|--|--|----|
| CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo | Participa en actividades onde se emprega a linguaxe escrita para transmitir mensaxes e información de xeito autónomo. | |
| CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas. | É capaz de expresarse de xeito escrito, empregando signos, palabras e oracións a partir de creacións feitas noutras linguaxes. | |
| CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos. | É capaz de expresarse de xeito escrito, empregando signos, palabras e oracións a partir de creacións feitas noutras linguaxes. | |
| CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo. | Amosa iniciativa por expresar a súa opinión sobre unha manifestación artística nunha situación de intercambio comunicativo. | |
| CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas. | Participa en actividades dramáticas e musicais asumindo roles e utilizando instrumentos, recursos e técnicas. | |
| CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática. | Fai achegas sobre as producións dos demais, expresando a súa valoración de xeito empático e respectuoso | |
| CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo. | Amosa iniciativa por expresar a súa opinión sobre unha manifestación artística nunha situación de intercambio comunicativo. | |
| CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática. | Fai achegas sobre producións dos demais, expresando a súa valoración de xeito empático e respectuoso. | |
| CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais. | Amosa iniciativa por facer aportacións nas situacións virtuais de intercambio comunicativo | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais. - Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica. - Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias. - Creación de textos ou enunciados orais formais e informais. - escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida. - Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada. - Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica. |

Contidos

- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.
- Intención comunicativa e achegamento ás principais características textuais e paratextuais. Primeiras hipóteses para a interpretación e a comprensión.
- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.
- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números.
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Iniciación a estratexias de procura de información, reelaboración e comunicación.
- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.
- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Nesta área na que nos atopamos (CRR) sempre deberemos ter en conta a concepción positiva da infancia ao respecto das súas múltiples potencialidades comunicativas, e como aula e escola deberemos dar resposta creando as condicións para que as diferentes linguaxes se desenvolvan plenamente, sen considerar a ningunha por enriba das demais. Teremos sempre en consideración o deseño de situacións de aprendizaxe relativas aos intereses das nenas e dos nenos que respecten a necesaria transferencia dunhas linguaxes a outras, combinando as diferentes técnicas, recursos, e materiais propios de cada unha para un mellor autocoñecemento e comprensión da realidade. O emprego de diferentes linguas, con especial énfase nas da súa contorna, incorporadas ás rutinas cotiás, xogos ou cancións que permitan a inmersión con naturalidade nos distintos códigos lingüísticos do mundo global que os rodea.

Para levar a cabo esta programación basearémonos na metodoloxía de proxectos coa que o neno/a será o protagonista activo das súas aprendizaxes. Para iso teremos en conta as seguintes CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS:

- A perspectiva globalizadora, xa que parece a máis adecuada para que a aprendizaxe sexa sempre significativa, partindo dos coñecementos previos que teñen os alumnos sobre o tema, ir presentando novos coñecementos que teñan significatividade lóxica para eles, a través de actividades que esperten o interese e a motivación dos neno/as.

- Importancia do xogo como principal actividade coa que o neno/a aprende.

- Potenciar os procesos de observación, manipulación, experimentación, descubrimento e investigación co gallo de garantir novas aprendizaxes

- Creación dun ambiente seguro e de confianza, onde os nenos/as poidan desenvolver a súa autonomía e reforzar a súa autoestima

- Atender á diversidade, a través da formulación das actividades (individuais e en grupo) e da integración de todos os neno/as no grupo de traballo , de xeito que desenvolveran actitudes de respecto e tolerancia cara aos demais.

- Organizar dun xeito flexible o tempo, os materiais e o espazo.

- Respectar os ritmos de actividade, xogo e descanso.

- Programar actividades, colectivas e individuais.

- Considerar a participación da familia como un elemento importante na elaboración do proxecto.

- O traballo con ferramentas tecnolóxicas estará orientado cara o emprego das mesmas como xeradoras de contidos e non transmisoras pasivas de información. O alumnado iniciárase no seu emprego de forma transversal pero sempre dende unha maneira responsable, respectando os tempos de uso, minimizando a exposición ás pantallas e empregando recursos acordes á súa idade e estado madurativo.

O paradigma educacional referente debe ser o de «aprender a aprender» e de «aprender facendo». Cómpre unha aprendizaxe significativa que se transfira a situacións da vida real e que implique a resolución de problemas na práctica.

Unha xestión docente baseada na formación de competencias ten que asumir estratexias didácticas que afonden no proceso e que destaquen a función orientadora da mestra e do mestre. Para desenvolver as competencias é necesario traballar, sobre todo, por proxectos e resolvendo problemas. Así, propoñeranse tarefas e retos que inciten as alumnas - alumnos a mobilizar os seus coñecementos e habilidades.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Materiais impresos: caderno de actividades de Mate+, fichas, contos, revistas, xornais.... |
| Materiais manipulativos: xeoplanos, material sensorial, xogos de costura, regletas, bloques tóxicos, dominós, |
| Materiais tecnolóxicos: ordenadores, panel digital, tablet... |
| Material fungible: convencionais e non convencionais |
| Material de psicomotricidade: aros, pelotas, cordas, zancos... |
| Instrumentos musicais |

O material constitúe un instrumento de primeiro orde no desenvolvemento da tarefa educativa xa que é empregado polo nenos e nenas para levar a cabo a súa actividade, os seus xogos e a súa aprendizaxe.

O material que se empregue nas aulas ou nos espazos da contorna educativa terá unha serie de calidades tales como: resultar interesantes para o alumnado, servir de apoio ás mestras na formulación e consecución de obxectivos, na organización do grupo e temporalización de actividades e sobre todo cumprir determinados requisitos en canto a seguridade, limpeza e manexabilidade.

Segundo a súa procedencia o material poderá ser de tipo comercial, elaborado polos mestres, polos propios nenos ou procedente do entorno natural ou familiar.

Atendendo á súa utilidade débese ter en conta que un mesmo material pode ter variados usos e, polo tanto, contribuír ao desenvolvemento das distintas capacidades dos cativos. Así mesmo, a utilización que pretendamos facer dos recursos materiais non debe obviar a actividade lúdica, proporcionando ricas e variadas posibilidades de xogo, actividade natural da cativada.

Co fin de favorecer a inclusión de todo o alumnado, prestaráselle unha especial atención á accesibilidade do material manipulativo na aula.

Pero ademais dos recursos materiais débense considerar os humanos, contando coa colaboración de tódolos mestres do centro e en especial dos que imparte clase no ciclo de infantil (especialista de inglés, de relixión, de audición e linguaxe, de psicomotricidade, de música e a mestra de apoio á etapa) Ao referirnos ós recursos humanos non debemos obviar tampouco ás familias, resultando imprescindible a súa colaboración para o establecemento de metas educativas comúns entre o contexto familiar e escolar.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Procedementos para a avaliación inicial:

Será necesario realizar unha avaliación inicial do alumnado para determinar os avances e dificultades que poidan aparecer no seu proceso de desenvolvemento. Nesta etapa educativa cada neno/a ten o seu propio ritmo de aprendizaxe, polo que esta avaliación será individualizada e permitirá apoiar ao alumnado naqueles aspectos que máis precise. Esta avaliación atenderá aos diferentes ámbitos de desenvolvemento do alumnado, e cave destacar o factor preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a indentificación temperá das necesidades educativas coma para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

Os criterios de cualificación(como imos valorar os aspectos que se avalían):

Nesta etapa a valoración do proceso de aprendizaxe farase de xeito cualitativo tendo en conta os progresos efectuados polas nenas e nenos.

¿ Coñecer a situación inicial, supostos previos dos que parte toda acción educativa ou avaliación inicial.

¿ Avaliación formativa: para valorar os progresos e dificultades dos alumnos/as co fin de adaptar a actividade escolar se fose preciso.

¿ Avaliación final: informaranos sobre a situación desexada á que se quere chegara ao final do proceso educativo co alumnado. Para elo tomaremos como referentes os criterios de avaliación establecidos para cada unha das áreas e os seus mínimos de consecución.

O tanto por cento en todos os aspectos será o mesmo .

Os procedementos para realizar a avaliación serán os seguintes:

- Entrevista inicial cos país/nais ou persoas titoras legais ao comezar o curso escolar.
- Ficha de observación do período de adaptación.
- Observación sistemática e individualizada que permitirá coñecer como asimilan os alumnos/as a súa experiencia educativa e mellorar o proceso.
- Análise das producións das nenas e dos nenos.

Os instrumentos para realizar a avaliación serán os seguintes:

- Ficha elaborada para recoller información directamente dos pais.
- Modelo de ficha para recoller distintos aspectos do período de adaptación.
- Observación directa e análise de todos os traballos que se establezan no día a día (producións plásticas, escritas, musicais...).
- Anecdóticos.
- Boletín informativo trimestral para as familias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución dos criterios para cada unidade segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación: sen dificultade, en proceso, con dificultade de forma que, o alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de consecución observado pola mestra.

Criterios de recuperación:

Este apartado no procede nesta etapa

6. Medidas de atención á diversidade

Entendidas como o conxunto de medidas, ordinarias e extraordinarias, que teñen por finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes necesidades, características, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, así como á situación social, cultural e de saúde de todo o alumnado, porase especial atención a finalidade preventiva, adaptando a práctica educativa ás características persoais do noso grupo e alumnado, así como aos seus intereses e necesidades, e a consideración da diversidade como un valor, defendendo así un modelo inclusivo que potencie a metodoloxía baseada na diversidade, igualdade de oportunidades, e colaboración e tamén na cultura tecnolóxica e innovadora, aproveitando as posibilidades das TIC para o alumnado (apps para estimulación da linguaxe, razonamento, atención, etc)

Adequaremos sempre a estrutura organizativa do centro e a xestión da aula ás características do noso alumnado NEAE, e levaremos a cabo medidas como:

- Organizar o aula de forma accesible, adequaremos tempos e rutinas en base ás súas necesidades fisiolóxicas, afectivas, de movemento e curriculares.
- Adeuar á programación didáctica, realizarase unha interpretación flexible do currículo axustada ao grupo clase e ao alumnado con NEAE.
- Utilizar metodoloxía colaborativa e cooperativa.
- Adaptar os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adapten ás características de este alumnado.
- Aproveitar as posibilidades das TIC para todo tipo de alumnado utilizando diferentes apps para estimulación da linguaxe, o razonamento e a atención.
- Buscar de maneira continua interactuar co alumnado NEAE, estimulando a súa iniciativa e promovendo o interese por aprender.
- Transmitir a información de maneira clara, concisa e con frases/explicacións curtas.
- Secuenciar as tarefas, incluso con referencias visuais como pictos e axendas.
- Traballar con axudas directas e demostracións (traballo de modelado e imitación).
- Diseñar propostas didácticas seguindo o modelo TEACCH
- Evitar tarefas repetitivas e sen interese para o alumnado, que poden facer aparecer conductas disruptivas, a non ser o caso de aqueles alumnos que polas súas necesidades necesiten facer ese tipo de actividades para reforzar aprendizaxes e aportar seguridade.
- Primar o esforzo e non o resultado, intentando sempre aumentar a autoestima, adoptando un enfoque emocional nas actividades, tanto como medida preventiva da discriminación como medio para a valoración das diferencias.
- Ofrecer propostas onde o alumnado poida participar en base as súas capacidades.
- Ofrecer sempre situacións de éxito, para ir aumentando a dificultade progresivamente.
- Intervir educativamente sempre dende un enfoque multidisciplinar: (titoría, DO, familia ou títos legais, servizos sanitarios, sociais, etc).
- Atención educativa virtual ao alumnado que presente dificultades para asistir ao centro docente por causas xustificadas (videoconferencias por plataformas corporativas, comunicación coa familia por mensaxería ABALAR).

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 |
|---|------|------|------|------|
| ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional | X | X | | |
| ET.2 - Hábitos de control corporal | X | | | |
| ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social | X | | X | |
| ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos | | | | X |
| ET.5 - Educación para o consumo responsable | | X | | X |
| ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos | X | | X | |

Observacións:

No decreto 150/2022 do 8 de Setembro polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia recollese que nesta etapa trataranse como mínimo os contidos anteriormente citados de carácter transversal. Así, pois, a educación en valores será entendida nesta programación dunha maneira transversal, impregnando toda a práctica educativa e aparecendo reflectida en todos os elementos que compoñen o proceso de ensino-aprendizaxe.

Ao longo do curso realizaranse diferentes ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, atendendo ás conmemoracións marcadas na actual orde de calendario escolar, para potenciar os elementos transversais anteriormente citados.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|--|----------|----------|----------|
| Visita de membros da comunidade educativa | Invítase ás familias do alumnado en varios momentos ao longo do curso para colaborar no desenvolvemento do Proxecto que esteamos traballando. | X | X | X |
| Contacontos | Ao longo do curso familiares poderán vir voluntariamente á aula a participar na actividade de "contacontos en familia". A maiores contaremos con algún contacontos contratado polo centro. | X | X | X |
| Saídas pola contorna | Faranse saídas de campo para coñecer mellor a nosa contorna e os elementos que a forman. | X | X | X |
| Saída fin de curso | Actividade lúdica para conmemorar o final do curso. | | | X |
| Obradoiros | As familias xunto co alumnado poderán levar a cabo diferentes obradoiros: cociña, manualidades, disfraces, postais de Nadal... | X | X | X |
| Proxectos medioambientais | Poderemos participar en proxectos baseados na recuperación e defensa da natureza. | | X | X |

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----------------------------------|--|----------|----------|----------|
| Conmemoracións e festas | A comunidade educativa poderá planificar e participar en distintas celebracións ao longo do curso (Samaín, Nadal, Día da Paz, Entroido, Letras Galegas, etc) | X | X | X |
| Actividades de transición a E.P. | Visita ás aulas de primeiro de primaria, xogos e/ou actividades co alumnado de primeiro, apadriñamento lector, acto de graduación e despedida de Educación Infantil. | | | X |

Observacións:

Terán carácter de complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que se empregan. Entre estas atoparíanse, polo tanto, as conmemoracións e outras semellantes.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Grado de consecución por parte do alumnado dos obxectivos programados. |
| Metodoloxía empregada |
| Adecuación dos medios empregados. |
| Adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación. |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Adecuación de espazos e tempos. |
| Medidas de atención á diversidade |
| Adecuación dos traballos a nivel individual. |
| Clima de traballo na aula |
| Motivación dos alumnos. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Coordinación entre os membros do equipo docente. |
| Coordinación co resto do profesorado do centro. |
| Interrelación coas familias do alumnado. |
| Outros |
| Inconvenientes atopados. |

Descrición:

Para avaliar a nosa práctica docente faremos unha valoración por parte de todos os membros do ciclo nas xuntanzas trimestrais e mensuais atendendo aos indicadores de logro indicados. Todos eles teranse en conta para recoller información sobre o proceso posibilitando modificacións e melloras.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

De xeito trimestral revisarase o seguimento e cumprimento das programacións didácticas de aula por parte de cada titoría.

Anualmente a finais de cada curso escolar o equipo de ciclo de Educación Infantil reunirse para facer a avaliación da programación do ciclo así como as propostas de mellora cara ao curso seguinte que quedarán recollidas na Memoria.

9. Outros apartados